



Asunto: Contratación administrativo laboral temporal
Ref: Bolsa de emprego

Sendo titular da Presidencia do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento de A Coruña, o Iltmo. Sr. don Valentín González Formoso, a referida Autoridade dita a seguinte resolución:

Logo de ver o informe da Xerencia de 6 de marzo de 2018, que a continuación se transcribe:

<< INFORME XERENCIA:

Mediante Decreto da Presidencia núm. 28/2017 de 20 de abril de 2017 procedíase á aprobación das bases e convocatoria do procedemento de selección para a creación de unha bolsa de traballo de administrativo en réxime de persoal laboral temporal, e a súa definitiva aprobación con data 11 de xullo de 2017 (Decreto da Presidencia núm. 52/2017).

En canto ao cumprimento do establecido no artigo 121 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; por parte da Presidencia deste Consorcio remitiuse, con data 26 de febreiro de 2018, solicitude dirixida ao Presidente da Deputación Provincial da Coruña, como ente ao que se atopa adscrito este Consorcio para que, en cumprimento do mencionado artigo da Lei 40/2015, se procedese á adscrición de persoal da Deputación para o desempeño das funcións de administrativo contable deste Consorcio, para o reforzo dos servizos administrativos mediante un contrato de acumulación de tarefas durante seis meses, onde se incrementará notablemente o traballo, remitíndose ao exposto en relación con isto no informe da secretaria intervención, emitido por mor da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2017, onde pon de manifesto que se deberían revisar todos os partes de intervención dentro dos últimos catro anos, e proceder a súa liquidación dos non tramitados no seu momento, á vista dos novos accesos aos datos dos beneficiarios (catastro, DXT ou outros que puideran resultar necesarios), co fin de evitar que non quede ningunha intervención sen liquidar de acordo coa ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento vixente.

Asemade, respecto da recadación executiva da mencionada taxa, unha vez sexa efectiva a delegación na Deputación Provincial da Coruña indica que deberase tramitar a correspondente aos últimos catro anos, é dicir, de todo aquilo non prescrito e que foi liquidado pero non recadado en voluntaria. Neste caso, suporá unha labor de elaboración e revisión a conciencia dos ficheiros Excel a través dos cales se levaba o control da mesma, xa que debe de comprobarse que estas non foron anuladas.

Finalmente, destacar que ante a falta de medios persoais e materiais, atópanse bastantes recursos administrativos contra estas liquidacións, pendentes de resolución; polo que, deberá procederse á súa previa tramitación e resolución.

Todo elo, xunto coa tramitación habitual de expedientes, fai necesario un reforzo dos servizos administrativos do Consorcio, que a día de hoxe soamente conta con unha auxiliar administrativa e unha administrativa contable.

Con data 6 de marzo de 2018 (Rex. Entrada núm. 201890000001278) recibíuse contestación do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos da Deputación Provincial da Coruña, na que se comunicaba que non é posible contar con persoal procedente da deputación. Consecuentemente, autorizábase ao Consorcio para o nomeamento de funcionario interino ou contratación de persoal laboral con contrato de administrativo por acumulación de tarefas polo período de 6 meses a través da bolsa de emprego deste Consorcio.

Así pois, resulta urxente e necesaria a contratación inmediata de un administrativo contable por se imprescindible para o funcionamento axeitado do servizo, e sen prexuízo de que no caso de futuras contratacións se proceda a unha nova consulta ao ente de adscrición antes de acudir a contratación directamente de persoal por parte deste Consorcio.>>

Como consecuencia do anterior esta Presidencia, considerando que se trata de unha necesidade para garantir o funcionamento do único servizo que este Consorcio ten encomendado, e por tanto esencial e prioritario; mediante providencia dispuxo que conforme ao establecido nas bases reguladoras se formulase o correspondente chamamento, previa certificación de existencia de crédito pola Secretaría Intervención.

Emitida esta con data 12 de marzo de 2018 e feito o chamamento mediante requirimento, tal como consta nas dilixencias emitidas pola secretaria interventora, logo de varias renuncias que constan no expediente, a aspirante que ocupa o cuarto lugar da lista que conforma a bolsa de traballo, manifestou a súa aceptación.

Unha vez presentada en tempo e forma a documentación requirida na base 16 das reguladoras da bolsa, procede a súa contratación como persoal laboral temporal.

De acordo coa mencionada proposta, examinado o expediente, e ao abeiro do disposto no artigo 15.1.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos Traballadores, de conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o 14 dos Estatutos reguladores do Consorcio, mediante o presente

RESOLVO :

PRIMEIRO.- Contratar a Dona Cristina Méndez Gallart con DNI: 32.777.771-B como administrativo-contable, persoal laboral temporal, e en consecuencia formalizar, no prazo de tres días hábiles dende a presentación da documentación á que fai referencia a base 16 das reguladoras da bolsa de emprego, o contrato de traballo na modalidade regulada polo artigo 15.1.b) do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, cunha duración de seis meses dende a data de formalización do contrato en réxime de dedicación a tempo completo.

SEGUNDO.- Autorizar e dispoñer o crédito necesario para a súa contratación, incluíndo salario e seguridade social, con cargo ás aplicacións orzamentarias 2018.920.13100, 2018.920.13102 e 2018.920.16000, de acordo coa retención de crédito de data 6 de marzo 2018.

TERCEIRO.- Facer público este acordo no Taboleiro de anuncios do Consorcio, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Consorcio.

CUARTO.- Dar traslado da mesma aos servizos de Secretaría Intervención, e nóminas.

QUINTO.- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o xulgado que corresponda no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

O presidente,

A secretaria Interventora,

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: M^a Graciela Riveiro Moreira